



Artista: Ernst Ludwig Kirchner  
Obra: A Rúa (1913-14)  
Localización: Moma

**ANÁLISE**

A obra é un óleo sobre lenzo, da 2ª etapa do Expresionismo. Nel aparecen homes e mulleres, vestidos á moda e con traxes caros, os cales pasean, conversan ou miran obxectos de luxo nun escaparate. Non é un tema sinistro e, porén, a sensación xeral é inquietante. As mulleres aparecen conxeladas en posturas erizadas, representadas cunha pincelada seca, agresiva e dura. Ao tempo, as roupas e sombreiros escuros, ao contrastar coas caras pálidas, producen unha sensación de fragilidade.

As cores predominantes son cálidas, tal como podemos apreciar na vestimenta das figuras. O foco de luz, neste caso, virían ser as plumaxes dos abrigos das figuras femininas, xa que o cadro representa unha escena de noite, polo que non hai luz natural, senón artificial. O tipo de perspectiva é frontal e lineal, cun punto de vista alto ou medio, e unha composición aberta é un espazo exterior (a rúa). O xénero pictórico é costumista.

**COMENTARIO**

A 1ª vangarda do novo século foi o Expresionismo. Este naceu en Alemaña e perdurou ata 1933, cando o réxime nazi subiu ao poder e prohibiu aquel tras declarala “arte dexenerada”. A ideoloxía deste movemento (vinculada ás teorías do filósofo alemán Nietzsche e ás do “pai da psicoanálise”, Sigmund Freud), estivo moi influenciada polo pesimismo que vivía Europa no 1/3 do s. XX. O obxectivo era transmitir, mediante a expresión, os sentimentos e emocións do artista mediante a deformación da realidade por medio da cor e do dinamismo.

Como claro antecedente, teremos a pintura de Edvard Munch. Este pintor vai retratar ao home moderno e o seu sufrimento existencial, tan ligado ao sexo como á morte o que se traduciu nos temas que tocou na súa pintura: a soidade e a angustia. Nun 1º momento o seu estilo bebía do simbolismo de Gauguin, pero rematará converténdose nunha forma moi persoal e expresiva, nada naturalista, de entender o mundo; moi ligada a súa vida persoal. Entre as súas obras destacan “O berro” ou “Anoitecer na rúa Karl Johan”.

O Expresionismo estivo representado por distintos grupos artísticos, como Die Brücke (“A Ponte”), creado por Kirchner e outros pintores en 1905, de carácter radical e crítico, cuxas obras caracterizáronse por formas esperpénticas, cores violentas e trazos grosos; e polo grupo Der Blaue Reiter (“O xinete azul”), tendencia de gran lirismo cuxo mestre foi Kandinsky xunto a Paul Klee.

O Expresionismo non tivo unha linguaxe artística propia, como o Fauvismo ou o Cubismo. Máis que inventala, os expresionistas utilizaron as linguaxes existentes, adaptándoas á súa propia temática, dende o punto de vista da angustia e do pesimismo. En xeral, o seu uso da cor é plana, afastándose da representación da realidade para buscar o sentimento. Foi un movemento internacional, con epicentro en Alemaña, que apareceu en distintos momentos históricos e a través de distintas xeracións de artistas.

Ernst Ludwig Kirchner (1880-1938) foi o verdadeiro líder do Expresionismo alemán de entreguerras. Fillo dun enxeñeiro, viaxou por toda Alemaña, establecéndose en 1901 en Dresde, onde estudou arquitectura e comezou a pintar de forma autodidacta. Matriculado posteriormente na Escola de Belas Artes de Munich, descubre a obra de Alberto Durer, quedando fascinado polas súas xilografías. Xunto a outros artistas, fundou o grupo “Die Brücke” en Dresde, movemento que rexeita a arte academicista, busca a inspiración na arte primitiva e afonda na linguaxe expresionista; empregando como punto de partida os gravados de Munch e o uso da cor para a expresión de sentimentos

de Van Gogh e os fauvistas. Dito movemento pictórico trasladouse posteriormente a Berlín, onde levaría o artista unha vida máis cosmopolita e social. Kirchner sería o máis revolucionario do grupo expresionista pola súa actitude e os seus elementos plásticos. Instalado en Berlín dende 1911, na capital alemá pinta as súas obras máis significativas. Combate na I Guerra Mundial, sufrindo unha grave crise nerviosa, e posteriormente instalándose en Suíza. Co ascenso do nazismo ao poder, a súa pintura é cualificada como “arte dexenerada”, destruindo moitos dos seus traballos, o que inflúe no suicidio do pintor.

Traballou o autorretrato pero, sobre todo, as escenas cotiás e os temas de xénero. Nas súas obras as figuras son formas moi xeométricas (rombos, rectángulos, círculos, pentágonos). Polo xeral, Kirchner non respecta a realidade, a proporción ou a cor. As cores predominantes son o vermello, o azul chumbo, o amarelo, ocre, rosa, branco marrón e verde. O pintor utiliza os contrastes de cores complementarias para crear imaxes que atraen a nosa ollada polo seu brillo.

“Rúa de Berlín” ou “A rúa”, é un cadro que pertence a unha serie de obras de varias escenas urbanas da capital alemá, con distintas figuras en cada unha delas. O artista representou numerosas obras, amosando a axitación ou a depravación da noite berlinesa. Entre 1913 e 1915, Kirchner pintou numerosas obras clasificadas como imaxes urbanas ou escenas de rúa, sendo a presente obra unha das 1ª da serie. O artista pintaba estes cadros no seu estudo baseándose nos debuxos que tomaba do natural, e servíndose como modelos da súa noiva, Erna Schilling e a súa irmá Margarita (ambas bailarinas dun club nocturno berlinés); aparecendo en moitos lenzos como “cocottes”.

Kirchner tenta expresar na obra a atmosfera emocional que destilaba a vida urbana berlinesa da época, a alegría e a tristura, con toques de sexualidade nunha gran metrópole europea. Preocúpase por “destilar” directamente da natureza os elementos esenciais, traballando formas simplificadas e distorsionadas, como modernos xeroglíficos que expresan os estados da mente do artista. Nas diferentes obras como a presente, ambientadas nas rúas alemás, Kirchner acada a madurez do expresionismo xermánico, expresando de xeito visible o ritmo, a morbosidade, a intensa luminosidade e o erotismo da sociedade da gran urbe, xa que Berlín era unha das cidades europeas máis “liberais” do seu momento. O tipo de perspectiva é frontal e lineal, cun punto de vista alto ou medio, e unha composición aberta (representase un espazo exterior urbano). O obxectivo que busca o pintor é a ilusión de movemento, o noso ollo ten que percorrer as liñas das figuras, as horizontais e verticais, e as expresións. O esencial é facernos participar do bulicio, do ruído, as conversas, os tranvías, o tráfico dos automóviles...que non vemos nin escoitamos, pero que os podemos imaxinar perfectamente, ao que axuda o propio título da obra.

Kirchner tivo o don de captar a realidade dunha forma crítica, conformando o estilo dunha das vangardas máis importantes da 1ª ½ do s. XX, a cal serviría de precepto para mostrar a moitos outros artistas que era o momento de romper a regra e crear unha arte de mostrara ao público a auténtica realidade social, como fixo o Expresionismo. Era o momento do cambio, e cada Vanguarda mostrará o seu ideal do mundo, cunhas estéticas e técnicas novas que abrirán o camiño dunha nova arte.

### PERSONALIZAR O COMENTARIO

Para que os comentarios teñan un toque persoal, traballade un contexto histórico e, a partir dos datos expostos, citade obras dos artistas –neste caso poderedes cambiar algunha das obras que citei eu por outra do artista-; ademais de introducir un parágrafo a modo de conclusión.